

Concello de Viveiro

EXPTE.- 4796/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Da. MARÍA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 26 de xuño de 2025 N.º 145, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista que a base xeral 8.1, sinala que “(...) Terminado o prazo de presentación de instancias, a Srs. Alcaldesa-Presidente, ditará Resolución declarando aprobada a lista de admitidas/os e excluídas/os, no seu caso....”

Vista que a base xeral 9.1, sinala que “(...)A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”

Vista que a base xeral 12, sinala que “(...) A cualificación final virá determinada polas puntuacións obtidas na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as. No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes acudirase á puntuación obtida nos apartados da fase de concurso, resolvéndose o empate a favor do aspirante que acadase maior puntuación no apartado de experiencia, seguido do apartado de formación e seguido do apartado do idioma galego. Se aínda se mantivese o empate, procederase ao desempate mediante sorteo realizado polo Tribunal cuxa realización será comunicada aos aspirantes empatados ao obxecto de que poidan acudir á súa celebración...”

Vista que a base xeral 13, sinala que “(...) O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/empregos convocados. Dita proposta publicarse no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital...”

Á vista que a base xeral 15.3, sinala que “(...) Si o/a aspirante proposto polo Presidente do Tribunal non presenta os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsedade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso. Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante proposto. Unha vez presentada a documentación referida neste punto procederase a realizar o nomeamento ao/a aspirante proposto/a mediante Resolución de Alcaldía, debendo tomar posesión no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no taboleiro de anuncios dixital desta Resolución...”

Vista a proposta de selección polo Tribunal que sinala “(...) O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes



Concello de Viveiro

seleccionados acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de Dña. Ana María Abad López para prestar servizos de psicóloga no departamento do CIM no Concello de Viveiro como funcionario interino (art. 10.1.c) do TREBEP ao obter a maior cualificación final...”

Tendo en conta o informe do Responsable do Departamento de Persoal do Concello de Viveiro, que consta no expediente, no que literalmente dí:

“(…) El nombramiento con carácter interino responde a la causa prevista en el artículo 10.1. c) del Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre- TREBEP), y en el artículo 23.2. c de la Ley 2/2015, de 29 de abril, de Empleo Público de Galicia, considerando urgente e inaplazable a necesidad de iniciar el procedimiento para la continuidad de la prestación del servicio...”

Visto que a aspirante Dña. Ana María Abad López proposta presentou a documentación establecida no punto 15.1, das bases xerais, anexo e bases específicas deste proceso selectivo, dentro do prazo indicado.

Tendo en conta que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear funcionaria interina a Dña. ANA MARÍA ABAD LÓPEZ, para ocupar o posto de PSICÓLOGA no departamento do CIM (a xornada parcial de 10 horas semanais), con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

SEGUNDO.- Aplicar ao persoal nomeado as retribucións aplicables tendo en conta as funcións do psicólogo/a do CIM, a Relación de Postos de Traballo e o Convenio do Concello de Viveiro, polo que as retribucións correspondentes ao posto a ocupar será por un total de 6.055,91 € + 1.930,02 € coste SS.

TERCEIRO.- Deberá tomar posesión no prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital desta Resolución.

CUARTO.- Dña. Ana María Abad López cesará como funcionaria interina o 31 de marzo de 2026, data máxima de finalización do nomeamento, quedando supeditada a data de cese ao outorgamento a este Concello da subvención da Secretaría Xeral da Igualdade ao amparo da resolución da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2025.

En todo caso producirase tamén o cese, no suposto de que a subvención referida sexa denegada, no momento no que se produza dita denegación, tendo en conta que esta resolución de nomeamento se atopa supeditada, segundo o disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo, ao outorgamento



Concello de Viveiro

da subvención da que trae causa.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución a Dna. Ana María Abad López, dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas ao departamento de intervención e á Directora do Centro de Información á Muller.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018.

Dna. María Carmen Gueimunde González

Dna. María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

